





PUBLICIDAD Y CONSUMO EN LA ADOLESCENCIA» Icaria Ed, 2008. Sara Osuna.

A adolescencia é un dos obxectivos principais do márketing e da publicidade porque é un dos sectores de poboación máis lucrativos para as empresas. Neste libro, Sara Osuna, especialista en educación para o consumo, analiza a influencia das marcas comerciais e o rol dos medios de comunicación no consumo indiscriminado da adolescencia, estudando o xeito en que reciben os significados consumistas en serie. Aquí déixanse ao descuberto as estratexias resultantes da acción conxunta entre Publicidade, Persuasión e Márketing como axentes mediadores do consumo.




ALMACENES» Editorial ESIC, 2008. Julio Juan Anaya Tejero

Con este libro apréndese a avaliar axeitadamente a situación dun almacén e a organizalo. Convén facer a excepción de que toda a normativa que se explica na presente obra adáptase tanto a grandes instalacións de almacéns de distribución como a pequenas naves de industria máis modestas. Na primeira parte achéganse os elementos necesarios para comprender e axuizar os problemas da xestión dos almacéns, e na segunda, máis técnica, explícase a utilidade das diferentes ferramentas básicas que se deben empregar para analizar a capacidade de almacenamento, o espazo e a localización física do almacén, así como o seu deseño.



NADIE AVANZA SOLO» Directivosplus, 2008. Varios autores.

“O mellor consello que recibín deumo un profesor do MBA: ‘non esquezas que un directivo vale o que vale a súa xente. Ti podes ser moi bo, pero se non consigues a aprobación do resto e a súa aceptación, non o conseguirás’. Hoxe sego a pensar que foi o máis intelixente que me puideron aconsellar”. Esta pasaxe de Ulises Lorenzo, presidente do Grupo Caty, é unha das que se poden atopar nesta obra, que recolle as opinións dos 100 directivos máis votados no Premio ao Mellor Directivo Plus do Ano 2008. Moitos explican como motivar a un equipo para diminuír a rotación laboral, ou falan da cualificación de tóxicos dalgúns xefes.



LAS AVENTURAS DE JOHNNY BUNKO» Editorial Empresa Activa, 2008. Daniel H. Pink.

Os manuais de xestión andan na procura de novos medios para expandir os coñecementos de directivos e emprendedores de medio mundo. Daniel H. Pink pensou: por que non un cómic manga de xestión? Pois aquí está, unha guía profesional definitiva nos andeis de todas as librarías. Daniel H. Pink é un gurú de xestión con varios libros na lista dos máis vendidos no New York Times. Especializado en novas tendencias empresariais, ocorréuselle que podería chegar a un público máis amplo. Neste cómic fálanos das regras principais para sobrevivir no mundo laboral. Cales son? Haberá que preguntarllo a Johnny Bunko.